

Xestionado por [Vieiros](#)

CEN ANOS DA 'EXPOSICIÓN REXIONAL GALEGA'

Galiza tamén tivo a súa 'Expo'

Un libro de Henrique Alvarellos e unha exposición celebran o centenario do evento, polo que pasaron máis de 50 mil visitantes en 1909.

Redacción - 09:30 25/07/2009

Once pavillóns, 600 expositores, dez mil pezas de arqueoloxía e obras de arte, 53 mil visitantes en cinco meses. Pouco se fala, na rúa e na historia da chamada 'Exposición Rexional Galega' que se celebrou en Compostela en 1909 e que ocupaba boa parte do que hoxe é a Alameda, e máis o Colexio San Clemente.

Inaugurouse o 24 de xullo, coa presenza do rei Alfonso XIII e do presidente do Goberno Antonio Maura, e aínda que a maior parte dos seus edificios e construcións foron destruídos (algúns tan singulares e valiosos como o do Centro Galego da Habana), serviu para definir a actual configuración do parque e máis do comezo do Campus Sur da USC. Si que se conserva un dos edificios, á actual escola infantil de Santa Susana, unha obra de Antonio Palacios que foi destinado durante a Exposición a Pavillón de Recreo Artístico e Industrial.

Libro e exposición

Coincidindo co centenario, [Henrique Alvarellos](#) publica un volume conmemorativo que recuperará medio cento de fotografías daquel evento conservadas en diversos arquivos e bibliotecas. A obra tamén inclúe a crónica xornalística daquela mostra: o contexto social, a descrición dos pavillóns, as cifras de visitantes e resultados económicos, as curiosidades... Para elaborar a crónica Alvarellos consultou diarios e revistas dos anos 1909 e 1910: os diarios locais El Eco de Santiago ou Diario de Galicia, o xornal de Madrid El Imparcial ou o catalán La Vanguardia, ademais de revistas gráficas do momento como a viguesa Vida Gallega ou a madrileña Nuevo Mundo.

Así mesmo, poderase ver unha mostra conmemorativa, consistente na exhibición do medio cento de fotografías atopadas, montadas en paneis de gran formato ao longo do paseo da Ferradura dende a escola infantil en dirección á escalinata de baixada ao Campus. O Concello preparou ademais unha recreación da exposición, con reprodución de escenas cotiás, xogos tradicionais e un desfile.